

PROGRAMACIÓN DOCENTE DE **HARMONÍA E CONTRAPUNTO III BILINGÜE (EN)**

**curso 2022/2023**

TÍTULO SUPERIOR DE MÚSICA (ENSINANZAS REGULADAS POLOS DECRETOS 163/2015 E 171/2016)

1. IDENTIFICACIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN										
HARMONÍA E CONTRAPUNTO III EN INGLÉS										
ESPECIALIDADES:	Interpretación, Pedagogía					ITINERARIOS:	Todos agás Jazz			
CARÁCTER:	Formación básica					TIPO DE CLASE:	Colectiva			
DEPARTAMENTO:	Composición · Sección Bilingüe					XEFE DE DPTO.:	Paz Pita Vázquez			
CURSOS	1º curso	2º curso		3º curso		4º curso		COORDINADOR/A DA DISCIPLINA:	Patricia Sánchez Cao	
CUADRIMESTRES	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	Horas de clase semanais:	1,5
ECTS/CUAD.			2						Observacións:	-
DOCENTES:	NOME E APELIDOS					EMAIL		TITORÍA		
	Patricia Sánchez Cao					<a href="mailto:patriciasanchezcao.analisis@gmail.com">patriciasanchezcao.analisis@gmail.com</a>		Mércores 20.00		

2. DESCRITOR E COMPETENCIAS	
DESCRITOR: Adquisición de coñecementos que faciliten a percepción, a interpretación, a reflexión e a documentación musical. Estudo do repertorio e do seu contexto estilístico. Desenvolvemento do oído, da escoita, da memoria e da intelixencia musical. Práctica escrita e instrumental dos diferentes elementos e procedementos harmónicos e contrapuntísticos propios dos distintos períodos da historia da música. Aprendizaxe dunha lingua estranxeira a través dunha disciplina non lingüística.	
COÑECEMENTOS PREVIOS: Os propios do cuadrimestre anterior e un nivel de inglés propio do ensino obrigatorio.	
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS:	T1, T2, T3, T4, T5
COMPETENCIAS XERAIS:	X1, X2, X8, X10, X11, X13, X15, X21, X22, X23
COMPETENCIAS ESPECÍFICAS:	EI6, EI7, EP1, EP3
Ver a lista e descrición de competencias no Decreto 163/2015 do 16 de novembro, anexo II, e no Decreto 171/2016 de 24 de novembro, anexo II.	



3. OBXECTIVOS	
DESCRICIÓN	COMPETENCIAS RELACIONADAS
Cofecer os principios técnicos e estilísticos da música do clasicismo e o romanticismo, representados nos seus principais compositores/escolas/estilos.	T1, T2, T4, T5 X1, X8, X11, X13, X15, X22, X23 EI6, EI7, EP1, EP3
Aplicar os coñecementos teóricos na práctica, a través da realización de exercicios de estilo	T1, T2, T3 X2, X8, X11, X13, X21, X22 EI7, EP3
Sintetizar as principais características técnicas e estilísticas dunha obra e argumentar a súa relación coa propia actividade creativa	T2, T3, T4, T5 X1, X8, X10, X11, X13, X15, X21, X22, X23 EI6, EP1, EP3
Emprego do inglés no contexto propio dunha clase de harmonía: vocabulario específico, expresións propias da linguaxe académica, práctica de comprensión e expresión orais e escritas, etc.	T5 X8, X10, X21 EI6

4. CONTIDOS		
TEMAS	DESCRITOR DE SUBTEMAS	SESIÓNS
<b>1. De Haydn a Beethoven: desenvolvemento motivico e función estrutural da harmonía</b>	<b>1.1. A harmonía no clasicismo:</b> Papel estrutural da cadencia, a sétima sobre o sétimo grao, a modulación, acordes alterados, ritmo harmónico, estrutura, equilibrio, progresións.	8
	<b>1.2. O tema</b> Motivo, frase, melodía e tema, textura e acompañamento, equilibrio, progresións.	
	<b>1.3. O estilo clásico (exemplificado en Mozart e Beethoven)</b> Harmonía, cadencias, fórmulas rítmicas, motivicas e pianísticas, procedementos texturais, construción de frases, simetrías, procedementos texturais e constructivos, fórmulas pianísticas, contrastes, etc.	
	<b>1.4. Aplicación de recursos</b> Exercicios de construción de frases e de acompañamento pianístico de melodías vocais/instrumentais.	
<b>2. Romanticismo I</b>	<b>2.1. O estilo romántico (exemplificado en Schumann e Brahms)</b> Funcións de tónica e series de sétimas de dominante, acordes de novena e superposición de terceiras, a nota pedal, modulación, cadencias e notas de adorno, fórmulas rítmicas, o tritono e a terceira menor, a cadencia plagal, a nota pedal, modulacións e cadencias, linguaxe harmónica e procedementos constructivos, fórmulas pianísticas, etc.	6
	<b>2.2. Aplicación de recursos</b> Exercicios de acompañamento pianístico de melodías vocais/instrumentais.	
<b>3. Repaso de contidos</b>		2
TOTAL SESIÓNS:		16



5. PLANIFICACIÓN DOCENTE E METODOLOXÍA			
TIPO DE ACTIVIDADE E DESCRICIÓN	HORAS PRESENCIAIS	HORAS NON PRESENCIAIS	TOTAL HORAS
<b>Clase maxistral</b> Exposición do tema que se vai traballar con explicación de conceptos teóricos e mostra de exemplos prácticos: análise e audición de exercicios xa realizados, realización na aula ou obras que sirvan de exemplo, segundo o caso. Empregarase o inglés a nivel oral (comprensión e expresión) e escrito.	3	0	3
<b>Análise de exemplos</b> Análise e audición de obras do estilo do que deberán realizar os estudantes de cara a sintetizar as súas principais características técnicas e estilísticas.	1,5	3,5	5
<b>Práctica individual</b> Realización por parte do alumnado de exercicios prácticos do tema en cuestión cun nivel de dificultade progresivo.	13	32	45
<b>Corrección individual</b> Corrección persoalizada da práctica individual. Poderá empregarse o inglés.	3	0	3
<b>Práctica/corrección colectiva</b> Debate sobre a realización de determinados exercicios prácticos ou corrección colectiva de certos exercicios realizados individualmente (análises, etc.). Na pizarra e piano ou proxector con audición. Poderá empregarse o inglés.	2	0	2
<b>Actividades de avaliación:</b> Proba final, en inglés.	1,5	0	1,5
<b>Actividades de avaliación:</b> Entrega de traballos do curso	0	0,5	0,5
TOTAL HORAS:			60
6. AVALIACIÓN			
FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	COMPETENCIAS AVALIADAS	PONDERACIÓN
6.1. CONVOCATORIA ORDINARIA			
6.1.1 AVALIACIÓN ORDINARIA (CON AVALIACIÓN CONTINUA)			
<b>Práctica semanal</b> • Avaliación continua da práctica individual (presencial e non presencial) e da participación nas actividades colectivas. • Avaliación do caderno de exercicios entregado nas datas que se indican na aula virtual. <i>Obrigatorio para poder optar á avaliación continua.</i>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Calidade, cantidade e presentación dos traballos realizados e entregados.</li> <li>• Correspondencia entre os traballos realizados na casa e na aula.</li> <li>• Evolución ao longo do cuatrimestre.</li> <li>• Asistencia, puntualidade e actitude na aula (corrección e produtividade)</li> <li>• Participación constructiva nas actividades colectivas.</li> </ul>	Todas	60 %
<b>Exames de aula</b> Probas prácticas de cada tema realizadas periódicamente na aula ao longo do cuatrimestre, sen data previamente anunciada.	Calidade (correcta aplicación de conceptos técnicos estudados, creatividade e musicalidade), correspondencia cos traballos realizados na casa e presentación do traballo realizado.	Todas	40 %
6.1.2. AVALIACIÓN ORDINARIA (ADIANTO DE CONVOCATORIA-EXAME DECEMBRO)			
<b>Exame final</b> Igual que a convocatoria extraordinaria	Igual que a convocatoria extraordinaria	Todas	100 %
6.1.3. AVALIACIÓN ALTERNATIVA (PERDA DA AVALIACIÓN CONTINUA, se o alumno SUPERA CATRO FALTAS DE ASISTENCIA, OU AVALIACIÓN CONTINUA CUALIFICADA CON SUSPENSO)			



<b>Exame final</b> Igal que a convocatoria extraordinaria	Igal que a convocatoria extraordinaria	Todas	100 %
<b>6.2. CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA</b>			
<b>Exame final</b> Proba teórico-práctica de 3 horas de duración máxima, que consta das seguintes partes: • realización dun exercicio práctico similar aos realizados ao longo do cuadrimestre (poderá pedirse defensa oral do exercicio en inglés) • pequeno test con preguntas sobre os conceptos estudados (en inglés)	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Calidade (correcta aplicación de conceptos técnicos estudados, creatividade e musicalidade) e presentación do traballo práctico.</li> <li>• Corrección nas respostas do test.</li> <li>• Capacidade comunicativa en inglés no contexto propio dunha clase de harmonía: vocabulario específico, expresións propias da linguaxe académica, comprensión e expresión orais.</li> </ul>	Todas	100 %
<b>Matrícula de honor</b>			
Un estudante poderá ser proposto a Matrícula de Honor se, ademais de obter unha cualificación de 10, se aprecia no seu traballo cuadrimestral unha excepcional excelencia en termos técnicos, artísticos e/ou de creatividade e madurez, así como un rendemento significativamente superior ao esixido.			

<b>7. ALUMNADO CON NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECIAIS</b>	
DESCRIPCIÓN	CRITERIOS E PAUTAS
<p>Deberanse cumprir as disposicións vixentes no marco do establecido no Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social.</p> <p><i>Asimesmo terase en conta a ORDE do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.</i></p>	Aqueles que estableza a Consellería competente en materia de Educación.

<b>7. BIBLIOGRAFÍA, MATERIAIS E DOCUMENTOS</b>
<p><b>Bibliografía</b> DE LA MOTTE, D.: <i>The study of harmony</i>. William C Brown. 1991 DESPORTES, Y. e BERNAUD, A.: <i>Manual práctico para el reconocimiento de los estilos desde Bach a Ravel</i>. Real Musical. 2000 SCHÖNBERG, A. <i>Fundamentals of musical composition</i>. Faber &amp; Faber. 1999 BUTTERWORTH, A. <i>Stylistic harmony</i>. Oxford University Press. 1994</p> <p><b>Outros materiais</b> Todos os materiais precisos para cursar esta disciplina (exercicios, exemplos, audicións, teoría, etc.), así como os documentos relativos a ela (programacións, convocatorias, cualificacións, etc.) están disponibles na aula virtual <a href="http://www.edu.xunta.es/centros/cmucoruna/aulavirtual/">http://www.edu.xunta.es/centros/cmucoruna/aulavirtual/</a>, da que se proporcionan datos de acceso a cada estudante ao inicio do curso.</p>